



FINAL DE CURSO CURSO 2021-2022

1.FP BÁSICA

As avaliacións serán:

- ORDINARIA: Do 6 ao 8 de xuño
- EXTRAORDINARIA: A partir do 23 de xuño

As **PROBAS FINAIS** da convocatoria extraordinaria realizaranse segundo calendario organizado por xefatura de estudos entre o 20 e o 22 de xuño.

2.BACHARELATO

1º de Bacharelato

As avaliacións serán:

- ORDINARIA: Do 6 ao 8 de xuño
- EXTRAORDINARIA: A partir do 23 de xuño

Esto supón:

- Non poder modificar a nota da avaliación ordinaria.
- Organizar, para ese periodo, actividades de RECUPERACIÓN, reforzo, ampliación e titoría.
- Extremar o control do alumnado sendo rigurosos poñendo faltas de asistencia.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria realizaranse segundo calendario organizado por xefatura de estudos entre o 20 e o 22 de xuño.

Os **CRITERIOS DE PROMOCIÓN** non varían respecto do curso pasado, o alumnado promocionará con todo aprobado ou cunha ou dúas materias suspensas.



2º de Bacharelato

Os cambios só afectan aos criterios de titulación. Titulará aquel alumnado que:

- Teña avaliación positiva en todas as materias de 1º e 2º de bacharelato
- Teñan unha materia suspensa e se cumpran simultaneamente os seguintes ítems:
 - a) Alumnado que o equipo docente considere, por maioría simple, que ten acadados os obxectivos de bacharelato.
 - b) Alumnado que non teña abandono da materia.
 - c) Alumnado que teña realizados todos os exames e actividades de avaliación recollidos nas distintas programacións.
 - d) Alumnado cunha media igual ou superior a 5.

A avaliación de **PENDENTES** realizarase nas datas das avaliacións ordinaria e extraordinaria.

Para a concesión da **MATRÍCULA DE HONRA**: Con 117 alumnos e alumnas matriculados en 2º de bacharelato, pódense conceder **5 matrículas** ao alumnado cunha media de 2º de bacharelato igual ou superior a 9. En caso de empate terase en conta a media do bacharelato en conxunto.

3.ESO

Promoción e titulación

O alumnado de 1º a 3º de ESO **promocionará** nos seguintes casos:

- Con todas as materias superadas
- Con 1 ou 2 materias suspensas
- Con 3 ou máis de 3 materias suspensas sempre que se cumpran simultaneamente os seguintes ítems:
 - a) Que a xunta de avaliación considere, por maioría simple, que o alumno/a pode seguir con éxito o curso seguinte
 - b) Que a xunta de avaliación considere, por maioría simple, que o alumno/a ten expectativas favorables de recuperación.



- c) Que a xunta de avaliación considere, por maioría simple, que a promoción do alumno/a beneficia a súa evolución académica
- d) Alumnado que non teña abandono da materia
- e) Que o alumno/a ten una media igual ou superior a 5.

O alumnado de 4º de ESO **titulará** nos seguintes casos:

- Con todas as materias superadas.
- Con alguna materia suspensa se se cumpre que:
 - a) Cunha media de curso igual ou superior a 5.
 - b) Ao acadar as competencias e obxectivos da ESO, por decisión da xunta de avaliación, por maioría simple.

Para a concesión da **MATRÍCULA DE HONRA**: Con 51 alumnos e alumnas matriculados en 4º de ESO, pódense conceder **3 matrículas** ao alumnado cunha media de 4º de ESO igual ou superior a 9. En caso de empate terase en conta a media da etapa da ESO.

Avaliacións.

As avaliacións serán:

- 3ª AVALIACIÓN: Do 6 ao 8 de xuño
- FINAL: A partir do 23 de xuño

Esto supón:

- Poder modificar a nota da avaliación 3ª, pero sempre para melloralala
- Organizar, para ese periodo, actividades de RECUPERACIÓN, reforzo, ampliación e titoría.
- Extremar o control do alumnado sendo rigurosos poñendo faltas de asistencia.



Organización do fin de curso.

- I. Realizaranse os exames da 3ª avaliación e una recuperación final antes do 6 de xuño.
- II. A nota da 3ª avaliación será a media das tres avaliacións realizadas.
- III. Na 3ª avaliación hai que realizar un informe individualizado do alumnado suspenso onde consten: criterios de avaliación, obxectivos e competencias non acadadas e actividades de recuperación. Este documento é interno e o departamento de orientación elaborará un modelo para facilitar a realización do informe
- IV. As actividades (a realizar do 6 ao 22 de xuño) de RECUPERACIÓN, reforzo e ampliación deben permitir subir a media do alumnado coa materia superada e recuperar ao alumnado coa materia suspensa. Estas actividades poden ser traballos ou exames, que poden ser distintos para atender a individualidade da situación de cada alumno/a e deben constar nas programacións.
- V. Na avaliación final:
 - Entregarase consello orientador ao alumnado de 2º e 4º da ESO.
 - Realizarase informe do alumnado de reforzo onde se recolla os motivos do reforzón, a valoración e aproveitamento do reforzón e a idoneidade de seguir reforzando ao alumnado escollido no curso seguinte. O departamento de orientación elaborará un modelo para facilitar a realización do informe.